

Non á explotación xuvenil! Emprego digno para a mocidade!

A mocidade e as mulleres son os grupos máis afectados polas políticas económicas, sociais e laborais negativas derivadas do capitalismo e o neoliberalismo. Unhas políticas nas que teñen responsabilidades compartidas, en distinto grao, a Unión Europea, o Goberno Central e máis a Xunta de Galiza, xa que despois de moitos anos non só non deron saída á lacra do desemprego e a precariedade laboral, senón que se manteñen as altas taxas de paro e aumentou a eventualidade e a desigualdade entre as e os asalariados, e entre estes e outras clases sociais.



Un decreto lei de reforma laboral que afecta directamente á mocidade

Aplican novas bonificacións e subvencións ás empresas, a través do contrato para a formación e para a contratación da mocidade. E para elo aumenta a idade de contratación até os 24 anos, eximindo totalmente ás empresas das cotizacións á Seguridade Social, eliminando os custes da formación teórica nas empresas de menos de 50 persoas e subvencionando a reconversión destes contratos en indefinidos.

Desde a CIG consideramos que non ten xustificación algunha a decisión de aumentar a idade, agás a interese empresarial en contratar man de obra barata. Este tipo de contratos sabemos que da lugar

a todo tipo de abusos, porque por unha parte a formación teórica na realidade non se imparte na grande maioría dos casos, e pola outra a remuneración garantida é

baixísima, xa que para o 1º ano se lle pode descontar do SMI o tempo dedicado á formación (mínimo dun 15%) e para o 2º ano de contrato o salario garantido será o SMI, con independencia do tempo dedicado á formación.

Consideramos que un maior emprego destes contratos non pode basearse na exención das cotas sociais nin creemos que deban mermarse os ingresos da seguridade social para favorecer á patronal. Tampouco estamos dacordo coas subven-

**A reforma do mercado
de traballo afonda
na precarización das
condicións laborais e
no abaratamento do
despedimento.**



**FOLGA
XERAL**

CIG
MOCIDADE

cións ás contratacións que, en definitiva, son transferenzas ás empresas a costa do erario público e non resolven o problema da empregabilidade da mocidade. A protección social destes contratos tampouco é completa porque a base para o cálculo do desemprego é menor e discriminatoria respecto a outros contratos.

Por outra banda, déixanse esmorecer os servizos públicos de emprego mentres legalizan as axencias de colocación con ánimo de lucro e se xeneraliza a actuación das ETTs, coa consecuente precarización e abusos que estas someten ao conxunto das mozas e mozos que acceden ao emprego a través desta modalidade de contratación (falta de inversión na formación das e dos tra-

balladores, inestabilidade, sinistralidade, menores retribucións, dobre sometemento á patronal, etc.).

Aproveitase a crise para reforzar o poder empresarial e debilitar aínda máis a parte máis feble: a clase traballadora, satisfacendo as demandas do poder económico, financeiro e mediático, poñendo o Estado ao servizo do capital e renunciando ás políticas sociais.

Non podemos esquecer que a mocidade é quen máis sofre a temporalidade (de media no 2009 foi do 63% en menores de 24 anos, do 42,6% entre 25 e 29 anos, e o 70,9% dos contratos de duración determinada non pasaron dos 3 meses), peores salarios (cobran preto dun 36% menos ca o persoal que ten contratos indefinidos) e sofren máis o desemprego (as taxas de paro están por riba do 30%). Isto conleva unhas consecuencias que afectan a toda a sociedade galega: de-

pendencia económica, emigración, baixo índice de natalidade, desertización do rural galego, sinistralidade laboral...

Só a mobilización activa da mocidade poderá frear este gravísimo ataque contra dos nosos dereitos. A folga xeral é imprescindible. Queremos parar o país para pararlle os pés ao goberno central. Cómpre, xa que logo, dar unha resposta masiva a esta agresión como clase, como mozas e mozos.

PARTICIPA NAS ASEMBLEAS COMARCAIS DA MOCIDADE CONVOCADAS POLA CIG EN TODO O PAÍS E NAS CONCENTRACIÓNS PREVISTAS PARA O DÍA 17 DE SETEMBRO!

PARTICIPA NAS MOBILIZACIÓNS QUE A CIG TEN CONVOCADAS EN RESPOTA Á REFORMA LABORAL E QUE CULMINARÁN COA FOLGA XERAL O DÍA 29 DE SETEMBRO!



**FOLGA
XERAL**

CIG
MOCIDADE